

A procura da poesía na vida cotiá

X. M. Eyré

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

EYRÉ, X. M. (2011 [2008]). “A procura da poesía na vida cotiá”. *A Nosa Terra*: 1336 (4 de decembro), 32. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/944>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

EYRÉ, X. M. (2008). “A procura da poesía na vida cotiá”. *A Nosa Terra*: 1336 (4 de decembro), 32.

* Edición dispoñíbel desde o 2 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

VICTORIANO
TAIBO

Marta Dacosta

Días antes de conmemorarmos o 90º aniversario da Asemblea Nacionalista de Lugo, o Instituto de Estudos Miñoranos convocounos en Gondomar para homenaxear a Victoriano Taibo, o mestre da escola de Guillufe. Pouco sabiamos de Taibo e grazas a esta homenaxe, da que Miguel Mouriño e Xosé Luís Alonso foron os principais responsábeis, temos hoxe un mellor coñecemento doutro home admirábel das Irmandades da Fala.

A homenaxe foi un éxito rotundo pois encheu a escola daquel mestre cun público entregado e heteroxéneo, entre o que destacaban os antigos alumnos do mestre, que lembraron a súa figura e recitaron de memoria os versos daquela aprendidos.

Foi unha homenaxe de xustiza recitar de novo ante os seus alumnos os poemas do mestre represaliado por ser galeguista, ante aqueles que lembran con singular nitidez o enfrontamento entre o seu mestre e o cura de Peitieiros, censor durante o franquismo. De xustiza porque aqueles nenos aos que lles roubaron a infancia e o dereito a se coñecer, escoitaban de novo as palabras do mestre, de quen contan que dicía “Fálame en galego neniña! En galego! Que é tan fermoso coma ti”.

Tantos anos despois a semente prende, ao seu xeito, e ao día seguinte da homenaxe cóntanme que en Morgadães, unha parroquia das máis conservadoras do concello, non se fala doutra cousa, do ben que estivo o acto, de que había que facer máis cousas así, actos culturais que non consistan só en bailes e comilorias, actos para recitar poesía. ●

Grazas a esta homenaxe temos hoxe un mellor coñecemento doutro home admirábel das Irmandades da Fala”



crítica

POESÍA.

A procura da poesía na vida cotiá

Construcións

Autor: Eduardo Estévez.

Edita: Positivas.

O texto de *Construcións* procura a polémica con decisión, con intensidade. *Construcións* vive na polémica, non da polémica, e da aguda (e plausíbel)

estratexia de Positivas dándoo a luz cando aínda permanecen os ecos dos sucesos a redor da concesión e retirada do premio González Garcés. Ou, o que é o mesmo, aínda que nunca se presentara a premio ningún, aínda que tampouco pasara polos dominios da rede, o de Eduardo Estévez sería un poemario que voluntariamente procura a polémica, a polémica mesmo como fonte de alimentación. Vista a ausencia de ornato poético (tantas veces confundida co “feito poético”), a deliberada narratividade fronte á deliberada (e só aparente) fuxida dos recursos poéticos típicos, non sería nada fóra do agardábel que algún lector se preguntase se iso é poesía. Dúbida, nós, non temos ningunha. Aínda obviando criterios de autoridade, as probas irrefutábeis de que o nome do autor é o dun poeta e a poesía se caracteriza por adoptar unha forma na que non chega a rematar unha liña. Mencionámolo porque non só está en xogo a identidade e forma discursiva da poesía senón tamén a súa utilidade e natureza.

Dito con outras palabras, o de Eduardo Estévez é un poemario a lembrarnos que, afor-

Tabela das letras. FICCIÓN

- 1 O xardín das pedras flotantes. M. Lourenzo. Xerais.
- 2 A chuvia do mundo. X.M. Pacho Álvarez Galaxia.
- 3 Tras do solpor. Haruki Murakami. Galaxia.
- 4 O neno do pixama a raías. John Boyne. Faktoria K.
- 5 Lolita Vladimir Nabokov. Faktoria K.

LIBRARIAS CONSULTADAS: Cartabón (Vigo); Couceiro (A Coruña); Michelena (Pontevedra); Pedreira (Santiago); Torga (Ourense); Central Libreira (Ferrol); Andel (Vigo); Escolma (O Carballiño); Sisargas (A Coruña).

NON FICCIÓN

- 1 Anti natura. María Xosé Queizán. Xerais.
- 2 Fin de século en Palestina. M. A. Murado. Galaxia.
- 3 Fendas abertas. Carlos Taibo. Xerais.
- 4 Atlas histórico de Galiza. J. M. Barbosa. E. da Galiza.
- 5 Caderno de notas. J. Marinhas del Valle. A Nosa Terra.

tunadamente, a poesía non é exclusividade dos libros de poesía e das mentes soñantes dos poetas; ela está, habita, mora e maniféstase desde cada recuncho da vida, do noso contexto vital. Identifícala, retela e revivila, reescribirla, é a misión do poeta. Identifícala, retela e vivila conscientemente, debe ser cousa de cada un dos seres humanos que pretendan vivir unha vida plena, e, polo tanto, do lector. *Construcións* convida a iso, a que procuremos a poesía (ou o que é o mesmo: a beleza) nos transcurros vitais da vida cotiá, concretados nos transcurros vitais de vidas asolagadas pola soidade, pola incomunicación, pola insatisfacción, polo silencio, polo desencontro, polo esquezo (inclusive diríamos o esquezo inmediato, o esquezo inmediato do pracer). Convida e obriga, desde unha estratexia creativa eficaz e moi meditada. Porque aquela pregunta inicial (é isto poesía?) pouco a pouco vaíse desfecendo, a medida que a certeza de que nos atopamos diante dun poemario ousado e vangardis-

ta, inqueda, minimalista aparentemente e de repercusión universal, se vai adonando de nós.

Nese proceso de apropiación, Eduardo Estévez reivindicada como valores non só atribuíbeis á narrativa algúns que adoito e comunmente se consideran de manipulación preferente na narrativa. Así, este é un poemario con personaxes (unhas personaxes que lembran as da Nova Narrativa), no que non é complexo establecer a historia que o estrutura, de narratividade acusada, na cal a cadea narrador-personaxe-autor-realidade externa-realidade interna foi moi estudada e nunca se pecha sen abranguer o membro definiti-

vo: o lector.

Operativo desde unha forma case núa, ponte basilar suficiente, porén, para espirar a beleza agachada debaixo do cotián rutineiro, frío e inhóspito, gris, este poemario constitúe tamén un reto creador (poético ou narrativo, o de menos) de dificultade extrema, tal é o que entendemos por ousar construír unha historia, baixo a forma poética máis simple imaxinábel, a partir dos farrapos de memoria que o esquezo esquece en nós ou nós somos quen de distraer das mans coas que o pesado paso do tempo e o esquezo nos apertan a gorxa. ●

Xosé M. Eyré



Eduardo Estévez.